

## o escritor na súa terra

**A** Homenaxe *O Escritor na súa Terra*, impulsada pola *Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)*, chega este ano á súa XV Edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Agustín Fernández Paz, que será homenaxeado na terra onde naceu, Vilalba.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de década e media como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha bidueira elixida polo propio autor), a colocación dun monólito conmemorativo ou a atribución do nome do homenaxeado/a a un espazo público, neste caso un parque.

## anteriores merecedores deste galardón

- I Edición  
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS  
1995 · Boa, Taramancos
- II Edición  
BERNARDINO GRAÑA  
1996 · Cangas do Morrazo
- III Edición  
MANUEL MARÍA  
1997 · Outeiro de Rei
- IV Edición  
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN  
1998 · Vigo
- V Edición  
XOSÉ NEIRA VILAS  
1999 · Gres, Vila de Cruces
- VI Edición  
UXÍO NOVONEYRA (póstumo)  
2000 · Parada do Courel
- VII Edición  
LUZ POZO GARZA  
2001 · Ribadeo
- VIII Edición  
XOSÉ CHAO REGO  
2002 · Vilalba
- IX Edición  
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO  
2003 · Nogueira de Ramuín
- X Edición  
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO  
ZUNZUNEGUI  
2004 · Teis, Vigo
- XI Edición  
PURA E DORA VÁZQUEZ  
2005 · Ourense
- XII Edición  
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG  
2006 · Vigo
- XIII Edición  
MANUEL LOURENZO  
2007 · O Valadouro
- XIV Edición  
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR  
2008 · Melide

## programa de actos

**12.00 h**

**Parque Agustín Fernández Paz**  
Barrio das Fontiñas

- Plantación dunha bidueira (árbore simbólica do escritor) e descubrimento do *Monólito Escultórico*.
- Descubrimento da placa que atribúe o nome do homenaxeado ao parque.
- Intervenien:  
CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS, *Presidente da AELG*  
MERCEDES QUEIXAS ZAS, *Secretaría xeral da Aelg*  
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

**13.00 h**

**Centro Cultural e Recreativo de Vilalba**  
Praza da Constitución, s/n

- Acto de entrega da “Letra E”
- Intervenien  
SR. D. GERARDO CRIADO, *Alcalde de Vilalba*  
MERCEDES QUEIXAS ZAS, *Secretaría Xeral da AELG*  
CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS, *Presidente da AELG*  
MANUEL BRAGADO RODRÍGUEZ: *Laudatio*
- Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas.
- Intervención do homenaxeado.

**14.30 h**

**Parador de Turismo de Vilalba**  
Rúa Valeriano Valdesuso, s/n

- Xantar de confraternidade.
- Aberto aos/ás socios/as da AELG, á vecindade da Terra Cha e demais persoas interesadas.

**A**gustín Fernández Paz é narrador, ensaísta, profesor, pedagogo, sociolingüista, especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil, actividades todas dunha vida comprometida cos oficios de educar e escribir na lingua de noso.

Autor de medio centenar de ficcións narrativas da máis variada fasquía, tecidas cos fíos da vida e da súa experiencia de lector e cinéfilo empedernido, en moitas delas evócanse as paisaxes da memoria da súa infancia chairega. Dende as súas novelas primeiras, *As flores radiactivas* (1990), *Cartas de inverno* (1995) e *O centro do labirinto* (1997), aos seus libros de relatos como *Contos por palabras* (1991) ou *Cos pés no aire* (1999), revelouse como un dos narradores que deixou máis fortes pegadas en milleiros de lectores e lectoras de varias xeracións.

Xa na súa madurez humana e literaria, ofreceu algunhas das novelas máis valoradas do noso tempo como *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002) ou *Corredores de sombra* (2006). O Premio Nacional de literatura Infantil (2007) polos relatos reunidos no libro *O único que queda é o amor* é o xusto recoñecemento á súa proeza literaria.

